

O director Xerente de SEAGA, en virtude das facultades outorgadas polo Consello de Administración da empresa, e de conformidade co establecido no apartado 3 das bases xerais de 27 de abril de 2010 (D.O.G 28/04/2010) para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A., polo sistema de listas previas por categorías, ACORDA:

**Primeiro.- Incorporación dun novo perfil na categoría profesional de LICENCIADO EN DEREITO**

Engádese un novo perfil na categoría profesional de Licenciado en Dereito que se denomina “Dereito Comunitario”, modificando así o apartado 2.1.4 das Bases Específicas de esta categoría publicadas en data 29 de setembro de 2017, que queda redactado do seguinte xeito:

2.1.4 Preferencia de ámbitos territoriais e perfís profesionais.

*“A lista previa na categoría profesional servirá de base para a contratación do persoal laboral temporal necesario na categoría profesional de Licenciado en Dereito, en calquera dos centros de traballo, que a sociedade teña ou deba abrir en calquera punto do territorio galego, de acordo co disposto a continuación.*

*Os candidatos haberán de sinalar na solicitud un mínimo de un e un máximo de dous perfís profesionais de entre os que se relacionan a continuación:*

- *Dereito Administrativo*
- *Dereito Laboral*
- *Dereito Medioambiental*
- *Dereito Comunitario*
- *Outros*

*Así mesmo, os candidatos haberán de sinalar na solicitud un mínimo de un e un máximo de tres ámbitos territoriais nos que desexen prestar os seus servizos, de entre os que se relacionan no ANEXO I (anexo de solicitud de admisión).*

*Dentro de cada ámbito territorial, os candidatos haberán de desempeñar as súas tarefas en función das necesidades de servizo de SEAGA.*

*Os candidatos que superasen o proceso selectivo pero non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda correspondente, facéndose as propostas de contratación na mesma forma na que se configure o chamamento para a selección a partir das listas previas.”*

Así mesmo, modifícanse os anexos “Impreso de Solicitud”, na categoría profesional de Licenciado en Dereito, incorporando os cambios que se derivan da creación do perfil “Dereito Comunitario”. Ditos anexos figuran publicados ao final do presente documento así como no apartado “Bases da Convocatoria e Impresos” da categoría de Licenciado en Dereito.

### **Segundo.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

Apertúrase un prazo extraordinario para a incorporación de novas solicitudes a aspirantes que desexen formar parte da Lista Previa de persoal temporal na categoría profesional de Licenciado en Dereito, así como para aqueles que formando parte da mesma desexen realizar algunha modificación e/ou actualización dos méritos. Dito prazo abrangue dende o 23 de xullo de 2018 ata o 06 de agosto de 2018:

As solicitudes ou actualizacións dirixiranse ó Director-Xerente de SEAGA, e a súa presentación poderase facer de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, nas oficinas de SEAGA sitas en:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña.
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003-Lugo
- Pol. San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1) Parcela 1-G Nave 3, 32911-San Cibrao das Viñas - Ourense
- Praza do Teucro, nº 18, 36002 Pontevedra
- Estrada N. VI, Km 581, 15640 Guísamo-Bergondo

-nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía Fax, ao número 881 997 334, acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega o cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección)

Santiago de Compostela, a 11 de xullo de 2018.

O Director-Xerente



Asdo. Pablo Arbones Maciñeira